

CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

NORMAS DE FUNCIONAMENTO
CURSO 2021-2022



CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

DATOS DO CENTRO

C.E.I.P. Plurilingüe Lope de Vega

R./ Emilia Pardo Bazán 119 36214-Vigo. Tlf. 886 11 11 65

mail: ceip.lopedevega@edu.xunta.gal

web: <http://www.edu.xunta.es/centros/ceiplopedevega/>

CADRO ORGANIZATIVO:

EQUIPO DIRECTIVO

DIRECTORA	Lourdes Bernárdez Pazos
XEFE DE ESTUDOS	Jesús Vázquez Leiro
SECRETARIO	Elías Grande Pérez

CONSELLO ESCOLAR

DIRECTORA	Lourdes Bernárdez Pazos
XEFE DE ESTUDOS	Jesús Vázquez Leiro
SECRETARIO	Elías Grande Pérez
PROFESORADO	Aida I. Domínguez Zavarce
	Paloma Santamaría Suaña
	María J. Fernández Fernández
	Ramona M. Santos Costa
	María Rodríguez Puga
PAIS	Jorge L. Bueno Alonso
	Estefanía Estévez Alonso
	Paula Fernández Morán
	María José Alonso Castro
	Silvia Medina López (ANPA)
CONCELLO	Mª José Loureiro Bada
PAS	Pilar López Ares

PROFESORADO ESPECIALISTA

INGLÉS	Ana Mª Mugerza Martínez
	Beatriz Vila Fernández
	Paloma Santamaría Suaña
EDUCACIÓN FÍSICA	Nieves S. de Becerra Gil
	Lourdes Bernárdez Pazos
	Ramona Mª Santos Costas
MÚSICA	Aida I. Domínguez Zavarce
	José Robledo Fernández
RELIXIÓN Católica	Jesús Vázquez Leiro
	Celia Moure Vázquez
RELIXIÓN Evanxélica	Sara Fernández Aguayo
ORIENTADOR	José Luis Modrego Casalots
PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	Vanesa Rodríguez Araújo
	María J. Gómez Pumar
AUDICIÓN E LINGUAXE	María J. Fernández Fernández
APOIO DE ED. INFANTIL	Cristina Arias Watson
	Sara R. López Bodaño
AUXILIAR DE CONVERSA	Katie Ann Pittman

CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

PROFESORADO: TITORÍAS

EDUCACIÓN INFANTIL	4-A	Mónica Moreno Vázquez
	4-B	María José González Diz
	5-A	Candela Santos Uzal (Yolanda Gómez Fernández)
	5-B	Carolina Amorín Gil
	6-A	María Rodríguez Puga
	6-B	María del Pilar Díaz Otero
EDUCACIÓN PRIMARIA	1º A	Mª Ángeles Ubeira Ubeira
	1º B	Paula Fernández López
	1º C	Patricia Ameal Baldonado
	2º A	Sofía Pérez Janeiro
	2º B	Marta Vilas García
	2º C	Mª del Pilar Hernández García
	3º A	Mª José Alonso Rodríguez
	3º B	Mª Julia Blanco Rodríguez
	3º C	Ana Belén Fuentes Gende
	4º A	Ana Mar Caride Bastos
	4º B	Mª Jesús Guisado Tato
	4º C	Celsa Portal Obregón
	5º A	Obdulia Cristobo Losada
	5º B	Julia Ferro Núñez
	5º C	Elías Grande Pérez
	6º A	Montserrat Tielas Cendón
	6º B	Mª Trinidad Gómez Sobrado
	6º C	Aurora Costas González

PERSOAL NON DOCENTE

Celia Durán Abollo, administrativa

Paloma Iscar Valenzuela, cuidadora

Olga Alonso Maceira, coziñeira

Susana Morales Garrido, Pilar López Ares, Mª Dolores Otero González e Rita B. Ríos Gallego, axudantes de coziña.

José Manuel Sanmartín Cerquiza, porteiro-vixiante.

Mª Luz Viéitez Alonso, persoal de limpeza.

CENTRO PLURILINGÜE

Formamos parte da rede de centros plurilingües da Consellería de Educación.

En Educación Infantil iniciamos o plurilingüismo con unha sesión semanal no idioma inglés, ademais das sesións correspondentes do idioma.

En Educación Primaria serán impartidas en Inglés as materias de Música e Plástica de primeiro, segundo, terceiro e cuarto nivel.

Asiste ao noso centro un auxiliar de conversa en lingua inglesa que colaborará nas sesións impartidas nesta lingua.

OBXECTIVOS PARA O CURSO:

- Velar pola boa organización e funcionamento do centro, utilizando os recursos humanos e materiais dispoñibles.
- Continuar a mellorar a participación e o nivel de convivencia e entendemento entre todos os membros da comunidade educativa.
- Velar por un proceso de ensinanza-aprendizaxe de alta calidade, plurilingüe e tecnolóxico que desenvolva ao máximo as capacidades.

CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

- Acadar que o alumnado aplique hábitos de conduta e disciplina, de cooperación, compañeirismo e responsabilidade.
- Conseguir que o alumnado desenvolva as súas capacidades de expresión e manifeste as súas inquietudes.
- Fomentar o coidado do medio ambiente e os recursos naturais.
- Dinamizar proxectos de formación permanente, seminarios, actividades complementarias e de coordinación docente.
- Colaborar coas distintas entidades: ANPA, asociación culturais, clubs...
- Potenciar o uso das novas tecnoloxías mellorando a dotación TIC e robótica, e dinamizando a páxina web e a aula virtual.

PLAN DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO:

REFERENTE AO ALUMNADO

O alumnado acudirá regularmente e con puntualidade. As faltas de asistencia deberán xustificarse nos tres días seguintes.

O alumnado no pode abandonar o centro durante o horario escolar. Se nalgunha ocasión un alumno/a ten que facelo, deberá ser recollido/a polo seu pai/nai ou persoa responsable acreditada que asinará unha autorización.

O alumnado deberá respectar e usar correctamente o material e instalacións do colexio. Calquera dano intencionado deberá ser aboado polos pais.

O alumnado deberá asistir ao centro co aseo persoal requirido nas normas de convivencia.

Permanecerá en calquera dependencia do centro sempre acompañados dalgún docente.

Permanecerá coa cabeza descuberta no interior dos edificios do centro.

Queda prohibido por parte do alumnado a utilización dos baños do profesorado.

O Centro abrirá as súas portas ás 9:10 h. e a partires dese momento haberá profesorado encargado responsable da vixiancia. Calquera accidente que poida ocorrer ao alumnado que estea no centro antes de esa hora, recaerá sobre as familias.

Durante o horario escolar as portas do centro permanecerán pechadas.

Os proxenitores que acudan ao centro en horario lectivo para recoller aos/as seus/súas fillos/as, deberán ir directamente ao edificio da biblioteca onde haberá persoal que as/os atenderá.

Para as entradas e recreo, soará o timbre.

Darase unha marxe prudente para calquera imprevisto xustificable que poida ocasionar atraso, sendo admitido na clase o/a alumno/a que nese tempo entre na aula. Se algún/ algunha alumno/a chega máis tarde, deberá pasar previamente polo edificio da biblioteca, onde a persoa adulta que o acompaña cubrirá o parte de atrasos para entregarllo ao/á titor/a. Será acompañado polo/a mestre/a de garda ata a súa aula.

Saídas-cambios de clase:

Para as saídas e recreo, soará o timbre.

Non se sairá da aula antes do toque do timbre e cando o indique o mestre/a.

Sairán en orde polos corredores e escaleiras acompañados do/da mestre/a correspondente.

Horario de entradas e saídas:

Entradas:

Educación **Infantil**: Cancela superior ás **09:20** horas

Educación **Primaria**: 1º, 2º e 3º: Cancela superior ás **09:10** horas

CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

4º, 5º e 6º: Cancela inferior ás **09:10** horas

Saídas:

Educación **Infantil:** Cancela superior ás **14:05, 14:10 e 14:15** (3, 4 e 5 anos)

Educación **Primaria:** 1º 2º e 3º: Cancela superior ás **14:10** horas

4º, 5º e 6º: Cancela superior ás **14:15** horas

Alumnado de infantil usuario de comedor e non usuario de transporte ás **15:20**

Alumnado de primaria usuario de comedor e non usuario de transporte:

1º, 2º e 3º sairá ás **15:25** horas

4º, 5º e 6º sairá ás **15:30** horas

Alumnado usuario de comedor e transporte sairá ás **15:40** horas.

Faltas de asistencia:

A asistencia do alumnado será controlada diariamente polos/as titores/as.

Os responsables familiares do alumnado deberán xustificar, tanto a ausencia coma o atraso ás actividades escolares, nun documento-modelo, elaborado polo colexio e posto a disposición das familias, tanto no mesmo centro como na web do mesmo.

Obxectos e prendas perdidas:

As prendas deberán vir marcadas co nome do alumno/a.

Calquera prenda atopada depositarase no colgadoiro situado no corredor da planta baixa, onde o/a alumno/a poderá recollela.

No caso de extravío os/as pais/nais tamén poden vir recoller as prendas en horario lectivo, solicitándoo e acompañados/as do profesorado de garda.

Os obxectos e prendas perdidas serán retirados ao remate de cada trimestre.

O centro non se fai responsable das prendas ou obxectos abandonados ou perdidos do alumnado.

Relación coas familias

Procurarase establecer un contacto fluído coas familias dos alumnos e das alumnas. Para facilitar esta relación establecerase como **día de visita dos/das pais/nais o martes de 15:40 a 16:40 horas**, e tamén contacto mediante mail ou telefónico.

As visitas deben vir precedidas da solicitude por parte dos proxenitores e a confirmación do mestre ou da mestra, e terán lugar na aula da clase.

Establécense reunións conxuntas cos pais e coas nais do alumnado da titoría para expoñer as liñas xerais do plan de traballo, criterios de avaliación e recuperación, normas de conducta, potenciación do coñecemento mutuo, etc.

Na Secretaría e na páxina web do centro atópase á disposición das familias toda a información relativa ao centro: calendario e horarios, listaxes, novas, axudas, lexislación, programación didáctica, normas de funcionamento, regulamento de comedor, normas e liñas de transporte, impresos diversos, etc.

A información máis relevante do centro será exposta no taboleiro de anuncios. Enviaránse os avisos máis importantes mediante ABALAR.

Recollida de nenos/as en horario escolar

Para recoller a un/unha alumno/a dentro do horario escolar, os/as pais/nais ou titores legais, achegaranse ata o edificio da biblioteca onde o profesorado de garda será o encargado de entregar ao/á neno/a, previa identificación do adulto responsable.

CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

Aparellos electrónicos

Quedan prohibidos móbiles e demais aparellos electrónicos alleos ao centro.

Entrega de xustificantes:

Os xustificantes de ausencia escolar, non asistencia ao comedor, saída antes do horario ou autorización para recoller ao alumnado no colexio, entregaranse aos/ás títos/as.

As autorizacións para recoller aos/ás nenos/as no autobús ou para deixar a cargo de monitores de actividades a partires das **15:40** horas entregaranse na Secretaría do centro.

As autorizacións para ir andando, as variacións de datos (domicilios, teléfonos,...), as notificacións de alerxias, intolerancias alimentarias ou enfermidades graves, entregaranse na Secretaría do centro.

Dereitos de imaxe

O alumnado que non teña autorización para a publicación da súa imaxe, non poderá ser fotografado nin gravado.

TAREFAS EXTRAESCOLARES

1.-Con carácter xeral evítase que o alumnado se vexa obrigado a realizar traballos suplementarios fóra da xornada escolar, agás rematar, completar ou consolidar as competencias clave.

2.-En casos excepcionais, e con carácter transitorio poderáselles propoñer a realización de actividades incluídas no currículo a aqueles/as alumnos/as a partires de 3º de Ed. Primaria que por ausencia prolongada, ou outras razóns, non poidan seguir o ritmo normal de aprendizaxe.

3.-Ocasionalmente poderáselle encargar ao alumnado a realización de actividades tales como:

- .-Lectura e comentario de libros axeitados á idade do/da alumno/a.
- .-Busca e recollida de datos ou materiais para a realización de traballos na aula.
- .-Lectura de noticias de prensa e audición de programas de radio ou televisión.
- .-Preparación de traballos para a revista escolar.
- .-Audicións musicais.
- .-Realización de traballos de plástica.

4.- En ningún caso se lles proporán traballos extraescolares aos/ás alumnos/as de Educación Infantil.

NORMATIVA SOBRE COVID:

En toda as actividades escolares e extraescolares, nos servizos complementarios de comedor e transporte escolar e en todo o funcionamento do centro, deberáse cumprir a normativa vixente sobre medidas a adoptar ante a COVID.

HORARIOS:

HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Atención administrativa: todos os días de **9:15h. a 14:00h.**

DIRECCIÓN, SECRETARIO E XEFE DE ESTUDOS: Previa cita

HORARIO ESCOLAR

O horario será de 9:15 h. a 14:15 h. coas seguintes sesións:

Sesións	Horario
1ª	9:15 a 10:10
2ª	10:10 a 11:05
3º	11:05 a 12:00
Recreo	12:00 a 12:25
4ª	12:25 a 13:20

CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

5ª

13:20 a 14:15

HORARIO DE BIBLIOTECA POLAS TARDES:

A biblioteca deste centro abrirá polas tardes, agás os martes, en horario de **15:40 a 16:30**, unicamente con servizo de préstamo e devolución e para toda a Comunidade Educativa.

CALENDARIO ESCOLAR:

As clases comezan o 9 de setembro e rematan o 22 de xuño.

Períodos de vacacións:

Nadal: Do 22 de decembro ao 7 de xaneiro, ambos inclusive.

Entroido: 28 de febreiro e 1 e 2 de marzo.

Semana Santa: do 11 de abril ao 18 de abril, ambos inclusive.

Día do Ensino: 11 de outubro.

Día no lectivo acordado polo Consello Escolar: 16 de maio.

CONMEMORACIÓNS ESCOLARES

MES	DATA	CONMEMORACIÓNS
Novembro	20	Día Universal da Infancia
	25	Contra Violencia de Xénero
Decembro	30 Nov. ao 7 Dec	Constitución e Estatuto
	10	Día dos Dereitos Humanos
Xaneiro	24	Día Internacional da Educación
	30	Día Escolar da non violencia e a Paz
Febreiro	24	Día de Rosalía de Castro
Marzo	8	Día da Muller Traballadora
	7 ao 11	Semana de Prensa
	15	Día dos Dereitos do Consumidor
Abril	7	Día Mundial da Saúde
	18 ao 22	Semana do Libro
Maio	2	Día internacional contra o acoso escolar
	9	Día de Europa
	16 ao 20	Semana das Letras Galegas
Xuño	5	Día mundial do Medio Ambiente

Outros actos académicos e festas escolares a celebrar no Colexio:

MES	DATA	CONMEMORACIÓNS
Outubro	30	Samaín-Halloween
Novembro	7 e 8	Magosto
	20	Día dos Dereitos dos Nenos e das Nenas
	22	Santa Cecilia, patroa da música
Decembro	20	Festival de Nadal
Marzo	8	Día con xornais
Marzo	21	Día da árbore
	28	Día da Reconquista
Abril	23	Día de Lope de Vega
Maio	15	Festival das Letras Galegas

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

1.- Algunhas das saídas programadas para este curso son:

Teatro Afundación, Fundación Laxeiro, Parque da auga, Museo Liste, Granxa escola Serantellos, Museo do Mar, Apípolis, Vitrasa, Concello, Club Hípico Alazán, Fundación Sales, Naturnova, ruta de

CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

sendeirismo polo río Lagares, Santiago de Compostela e o Parlamento, autobús turístico da cidade de Vigo, cine social no cine Salesianos, Museo Meirande-Illa de San Simón, participación na Reconquista e no Rueiro da Reconquista, xornadas de Educación Viaria no Parque do Castro, visita á cidade da Coruña e aos seus museos científicos.

Este curso teremos unha temática común para traballar actividades en todos os niveis: **“As Olimpíadas de Tokio 2020”**

2.-E tamén están programadas as seguintes actividades:

● **CAMPAÑA DE EDUCACIÓN VIAL**

Promovida polo Departamento de Educación Viaria da Policía Local, está previsto que se desenvolva para o alumnado de 5º e 6º de Ed. Primaria.

● **“CAMIÑA CON NÓS POLA IGUALDADE”**

Programa organizado pola Concellaría de Igualdade e no que participan os cursos de 6º de Ed. Infantil e 2º, 4º e 6º de Ed. Primaria.

● **“MAGOSTO”**

Durante o mes de novembro, celebrarase o magosto cunha xornada de xogos populares.

● **“FESTIVAL DE NADAL”**

O día 20 de decembro celebraremos este festival.

● **“ENTROIDO”**

O día 21 de febreiro celebraremos o entroido con comparsas e desfile.

● **“FESTIVAL DAS LETRAS GALEGAS”**

O día 15 de maio celebraremos este festival no colexio.

ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PROPOSTAS POLA ANPA

Dende a ANPA La Arcadia desenvolverán as seguintes actividades extraescolares:

Ao mediodía: Xadrez, Iudo, Inglés, Baile moderno, Pasta de modelar, Intelixencia emocional, Ioga, Diverciencia, Técnicas de Estudo e Informática.

A partires das 16:00h: Iudo, Fútbol Sala, Balonmán, Baloncesto Patinaxe, Pintura, Playcode, Natación, Cociña, Tenis e Ximnasia Rítmica.

PLAN ANUAL DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

COMEDOR ESCOLAR

O comedor escolar rexerese pola ORDE do 21 de febreiro de 2007 e o DECRETO 132/2013.

Neste curso o funcionamento será do 9 de setembro ata o 22 de xuño. Conta con 460 prazas para alumnado e 32 prazas para o seguinte persoal:

Directora	Lourdes Bernárdez Pazos
Encargado	Jesús Vázquez Leiro
Persoal de cociña/colaborador	5 cociñeiras, 1 coidadora e 24 colaboradores

O seu funcionamento queda establecido no REGULAMENTO DE COMEDOR ESCOLAR.

A **selección e admisión de comensais** está regulada pola Instrución sobre Comedores Escolares.

Os/as usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes, de xeito continuado, non fagan uso del coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas.

CEIP PLURILINGÜE LOPE DE VEGA

Prezos públicos do comedor

O pagamento dos prezos públicos producirase de acordo coas seguintes pautas:

- Nos cinco primeiros días naturais de cada mes poranse a disposición das familias os impresos de pagamento coas cantidades a aboar.
- Satisfarase o pago entre o 1 ao 20 do mes seguinte ao da prestación do servizo.
- A falta de aboamento total ou parcial do importe do servizo será causa da perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro.
- O incumprimento no pagamento dos prezos públicos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para o cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.
- No caso de falta de asistencia ao comedor, é necesario comunicalo por escrito á dirección do centro, cunha antelación mínima de 24 horas para non ter que aboar os prezos públicos deste servizo.

Medidas de protección e seguridade: protocolo COVID-19

- a) O centro educativo manterase aberto sempre e cando a situación epidemiolóxica o permita, en base as indicacións das autoridades sanitarias.
- b) Será obrigatorio o uso da máscara para o alumnado excepto no momento específico da alimentación.
- c) O alumnado sentarase no comedor agrupado por aulas e ocupará sempre o mesmo sitio. Cada grupo pode comer sen requisitos de distancia.
- d) Os grupos separaranse entre si de forma xenérica por 1,5 metros.
- e) Estableceranse dúas quendas para usar os dous espazos de comedor con ventilación dos locais 15 antes e 15 minutos despois de usar cada quenda. As portas permanecerán abertas e si as circunstancias meteorolóxicas o permiten manterase unha ventilación cruzada.

TRANSPORTE ESCOLAR

As liñas de transporte escolar son:

AUTOBÚ	PARADAS
1	1.1 Pizarro - H. Xeral 1.2 Pizarro - Pza Isabel A Católica 1.3 Palmeiras (Praza)
2	2.1 Gran Vía, 41 2.2 Gran Vía - Hotel Zenit 2.3 Urzáiz - Fernando O Católico (Bar León) 2.4 Martínez Garrido - Correos
3	3.1 Martínez Garrido - Dr. Carracido 3.2 Martínez Garrido, 108
4	4.1 Genaro de la Fuente - Aragón 4.2 Genaro de la Fuente - Gregorio Espino 4.3 Vía Norte - Igrexa Fátima 4.4 Vía Norte - Gregorio Fernández
5	5.1 Palmeiras (Panadaría)
6	6.1 Pintor Lugrís - Policía 6.2 Gran Vía - Xesuítinas 6.3 Gran Vía - Tarragona 6.4 Gran Vía, 104

6.5 Praza de España - Kiosko

-As liñas **3, 4 e 6** recollerán o alumnado nas paradas citadas no cadro anterior, e ao regreso deixarano na beirarrúa de enfrente.

-A empresa que fai o transporte é "**AUTOCARES ESTÉVEZ S.L.**

Cada liña de transporte conta con un/unha **acompañante escolar** que ten as seguintes **funcións e responsabilidades**:

- Axudar aos menores a subir e a baixar do autobús.
- Vixiar aos menores durante todo o traxecto.
- Comprobar que todo/as os/as nenos/as vaian correctamente sentados nos seus asentos. Se o autobús ten cintos de seguridade, comprobar que os abrochen.
- Atender calquera indisposición dos/das menores e comunicar ao Centro esta indisposición.
- Dar aviso tanto á empresa como ao centro se algún/algunha menor non cumpre as súas ordes dentro do autobús ou se algún/algunha pai/nai non respecta os horarios de servizo.
- Revisar o autobús unha vez terminado o servizo, co fin de asegurarse de que ninguén e ningún obxecto que pertenza aos/as usuarios/as quede dentro do autobús.
- Durante o traxecto de volta do colexio, deben deixar aos/as nenos/as nas mans dun familiar, a non ser que teñan autorización para quedar sós. Se non hai ningún familiar na parada, está totalmente prohibido deixar ao/a neno/a so/soa ou con outro adulto. Deben avisar á empresa e levar a este/a neno/a de volta ao colexio.

FUNCIONAMENTO DO TRANSPORTE ESCOLAR:

Horarios das liñas de autobús:

- Sairán da primeira parada ás **8:55** horas e do colexio ás **15:40**. As horas de paso polas paradas dependen do tráfico e de factores externos. Deberán estar sempre 5 minutos antes nas paradas.
- **As liñas 3 e 6** recollerán ao alumnado nas paradas citadas no cadro anterior, e ao regreso deixarano na beirarrúa de enfrente.

Cambio de liña de autobús:

- Calquera **cambio deberá xustificarse** por medio dun certificado de empadramento.

Recollida do alumnado na parada :

- O alumnado debe ser **recollido na parada por algún familiar ou persoa autorizada** polos proxenitores. Pode descargar a autorización da páxina web ou ben solicitala en secretaría.
- No caso de que os pais **desexen que o seu/súa fillo/a vaia só para casa**, deberán autorizalo por escrito ante a dirección do centro. Poden descargar o impreso na web ou solicitalo na secretaría do centro. Se non hai tal autorización, o/a menor será devolto/a ao colexio.
- Se por calquera imprevisto **non houbera ninguén na parada** para recoller o/a alumno/a, o servizo de transporte traerao/a de novo ao colexio onde sempre haberá persoal de garda para custodiar ao/a neno/a ata que sexa recollido/a pola familia ou persoa autorizada.

Para manter a condición de usuario é necesario que se faga un uso continuado do transporte escolar, entendido este como uso repetitivo do mesmo en días fixos da totalidade das semanas do curso escolar, agás situacións excepcionais que deberán ser debidamente xustificadas.

Ante mochilas esquecidas, chaquetas, etc a empresa ofrece os seguintes contactos:

tel: 986471789 mail: estevezavion@estevezavion.com

Medidas de protección e seguridade: protocolo covid-19

O uso do transporte escolar debe acollerse ás medidas establecidas polas autoridades sanitarias: uso de mascarinas, uso de hidroxel, asentos fixos,....

AULA MATINAL

Este servizo de “madrugadores/as” organizado pola ANPA, estará a cargo de monitores especializados pertencentes á empresa IMAXINA. Para consultar condicións e horario deberán contactar coa ANPA:

Estes monitores encargaranse do coidado e entretemento dos nenos e das nenas con actividades lúdicas, sen incluír en ningún caso tarefas ou reforzos escolares.

PLAN DE USO DAS INSTALACIÓNS POR OUTRAS ENTIDADES

As instalacións do centro son utilizadas, fóra do horario lectivo e sen seren organizadas pola ANPA, polas seguintes entidades: Asociación Deportiva Lope de Vega e Asociación Cultural “O Fiadeiro”.

REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR

OBXECTIVOS

O Comedor Escolar é un servizo educativo complementario que debe atender á consecución dos seguintes obxectivos:

1.- Educación para a saúde:

- Fomentar e desenvolver hábitos persoais de hixiene e boa alimentación.
- Por en práctica normas hixiénicas e sanitarias
- Iniciarse en gustos variados e na degustación de todo tipo de alimentos.
- Manter posturas correctas na mesa.
- Adquirir e por en práctica hábitos relacionados coas normas de educación básicas.
- Valorar os alimentos, que teñen un custo, así como o traballo das persoas encargadas da súa elaboración.

2.- Educación para a convivencia:

- Adquirir e por en práctica hábitos de convivencia e cooperación nas tarefas en común.
- Espertar nos alumnos hábitos de cooperación, colaborando en tarefas do servizo de comedor.
- Lograr un comportamento correcto na mesa.
- Coidar e respectar os locais, mobiliario, alimentos e utensilios de uso comunitario.

3.- Educación para ocio:

- Crear hábitos e proporcionar estratexias para a utilización correcta do tempo libre.
- Planificar actividades de ocio e tempo libre que incidan no desenvolvemento da personalidade e no fomento de hábitos sociais e culturais.

NORMAS DE FUNCIONAMENTO

1.- O comedor escolar está situado nos baixos do edificio das aulas. Consta de dúas salas: nunha comen os nenos e as nenas de infantil e un grupo de primaria e na outra o resto do alumnado.

2.- O réxime é de autoservizo, agás para o alumnado de infantil e primeiro nivel de primaria a quen se lle serve na mesa. O alumnado distribúese por cursos nas mesas.

3.- O horario de servizo é de 14:15h a 15:40h. Por seguridade as portas do colexio permanecerán pechadas durante este horario.

4.- O alumnado de 6º de primaria colabora voluntariamente na atención aos compañeiros/as.

5.- A entrada principal está a continuación das escaleiras de acceso ao primeiro piso, habendo dúas portas de emerxencia, unha en cada sala.

6.- A organización do alumnado faise do seguinte xeito:

- **Alumnado de infantil, 1º, 2º e 3º de primaria:**

O alumnado de infantil e 1º de primaria é recollido polas coidadoras nas súas aulas e acompañado ata o comedor, onde será atendido por estas.

O alumnado de 3º de primaria baixa directamente ó comedor por orden e en filas, colle a bandexa e pasa pola cadea de autoservizo para despois ocupar o seu sitio na mesa.

Cando rematan de comer sairán ao patio, onde terán tempo de xogo, agás nos días de mal tempo que permanecerán no interior do edificio distribuídos nas distintas dependencias cós seus grupos burbullas e con actividades lúdicas de xogos de mesa, lecturas, actividades plásticas,....

No momento no que toca o timbre, subirán ás aulas para recoller a mochila. Unha vez estean todos/as os/as alumnos/as nas aulas, iranse distribuindo para a saída de forma transportada ou non transportada.

- **Alumnado de 4º, 5º e 6º de primaria:** Cando toque o timbre de saída baixarán ao patio con un tempo de lecer ou quedarán nas aulas no caso de mal tempo, có seu grupo e sempre acompañados polo/a coidador/a.

Ás 14:45 formarán filas e entrarán no comedor nunha segunda quenda, por porta distinta a que sae o outro alumnado.

Entrarán directamente ao comedor onde collerán a bandexa e pasarán a cadea de autoservizo, a continuación ocupará o sitio na mesa que lle corresponda.

Cando rematan de comer, subirán ás aulas onde recollerán as súas pertenzas e se prepararán para a saída.

7.- Organización das **saídas**: Unha vez estea todo o alumnado nas aulas, irán baixando con orde e iranse distribuindo da seguinte maneira.

- Alumnado de Infantil: Faranse 6 filas, unha por cada autobús, que irán acompañadas pola súa correspondente coidadora ata o transporte. Os/as nenos/as que non utilicen este servizo serán recollidos polos seus proxenitores.
- Alumnado de Primaria: Os/as primeiros/as en saír serán os/as da planta de abaixo. A continuación baixarán ordenadamente en fila os/as da planta superior. O alumnado non usuario de transporte sairá pola cancela norte secuenciadamente e será recollido polos proxenitores.
- O alumnado de transporte formará filas para á saída no correspondente autobús sempre acompañados por un/unha coidador/a de comedor:
 - Liñas 1, 2 e 3 pola cancela norte
 - Liñas 4,5,e,6 pola cancela sur.

8.- O alumnado non poderá saír do recinto escolar durante o período de comedor sen autorización. Se os proxenitores veñen recollelo antes de que acabe o horario de comedor, será de forma excepcional e por causa xustificada, e seguindo o procedemento xeral establecido polo colexio: notificación previa por escrito debidamente asinada e presentarse persoalmente a recollelos.

9.- O alumnado que non asista a clase non poderá facer uso do comedor.

10.- O menú será único para todos os comensais, coa seguinte excepción:

Alumnos/as alérxicos/as a alimentos ou que padezan algunha enfermidade ou trastorno que precise dunha alimentación específica:

Presentando un certificado médico, autorízase ao devandito alumnado a utilizar o servizo de comedor, consumindo o menú establecido para todos os comensais, agás nos compoñentes aos que son alérxicos/as, e, nese caso, tomarán menús adaptados.

11.- Administración de medicamentos:

Calquera medicación que o/a neno/a deba tomar mentres se encontre no tempo de comedor, deberá ser entregado polos pais á encargada de comedor. O medicamento irá acompañado dunha nota escrita na que o/a pai/nai autorizará ao responsable do comedor a administrar o medicamento ao/á se fillo/a indicando de forma clara a dose e as tomas e eximindo á responsable do comedor de toda responsabilidade derivada da toma do mesmo.

Esta nota escrita e asinada, irá acompañada dun xustificante médico.

12.- Todo o alumnado debe respectar as normas de funcionamento e convivencia no comedor.

13.- As familias deben asumir o presente regulamento e orientar aos/ás seus fillos/as sobre como teñen que comportarse no tempo de comedor, tanto na comida como nas actividades lúdicas.

NORMAS DE CONVIVENCIA

A).- HIXIENE

- O alumnado deberá comer por si mesmo.
- O alumnado pasará polos servizos para facer as súas necesidades e lavarse as mans antes de acudir ao comedor.
- Durante a comida non poderán ir ao servizo a non ser por indisposición ou enfermidade, e sempre co permiso dos/das coidadores/as.
- Non poderán traer obxectos (xoguetes, mochilas) nin alimentos ao comedor.
- Non está permitida a entrada de alumnos/as á cociña.
- Non se pode tirar pan, auga ou restos de comida ao chan nin a outros/as alumnos/as.
- Despois de comer, o alumnado acudirá ao servizo para o seu aseo.

B).- ORGANIZACIÓN E COMPORTAMENTO

- A entrada e saída do comedor farase por grupos, en fila, con orde e tranquilidade, sen correr e en silencio, baixo a supervisión dos/das coidadores/as.
- Os/as alumnos/as sentaranse nos lugares que se lles sinale.
- Deberán respectar o material e os utensilios, sendo responsables do seu deterioro.
- Permanecerán correctamente sentados, sen xogar nin abanearse nas cadeiras e sen moverse do sitio. Para chamar aos/ás coidadores/as deberán levantar a man.
- Non está permitido falar a berros.
- O alumnado de 6º de Ed. Primaria colaborará, dentro das súas posibilidades, no servizo de comedor.
- Os/as alumnos/as están obrigados/as a respectar ao persoal (cociñeiras, colaboradores,...)
- Cando acaben de comer, deberán baleirar e recoller a súa bandexa e esperarán en silencio a que se lles indique o momento da saída.

C).- ALIMENTACIÓN

- O alumnado deberá adaptarse ao menú establecido, comendo a cantidade que se lles sirva (segundo circunstancias, físico,...)
- En caso de non poder comer algún tipo de alimento deberán aportar un certificado médico que o acredite.

D).- TEMPO LIBRE

- Non se permite a práctica de xogos perigosos.
- No caso de organizar actividades programadas, o/a alumno/a permanecerá no lugar sinalado, e non poderá abandonar a actividade sen o consentimento do/da colaborador/a.
- Non está permitido xogar con balóns duros.
- Non está permitido xogar nos servizos.
- Durante o tempo de comedor non está permitido subir ás aulas sen permiso.

FALTAS E SANCIONS

A.- FALTAS LEVES

Consideraranse faltas leves:

- 1.- Desobedecer as indicacións do persoal de cociña e dos/das colaboradores/as.
- 2.- Tirar ou agochar comida.
- 3.- Entrar e saír do comedor sen orde.
- 4.- Cambiarse de sitio na mesma mesa.
- 5.- Non comer con corrección ou non facer uso adecuado dos utensilios.
- 6.- Estar mal sentados/as ou abanearse na cadeira.
- 7.- Facer ruído ou falar a berros.
- 8.- Entrar no comedor con obxectos ou alimentos non permitidos.
- 9.- Calquera outra conduta que afecte levemente ao respecto, á integridade ou á saúde.

Medidas correctoras:

- 1.- Amoestación verbal ao/á alumno/a.
- 2.- Realización de tarefas relacionadas coa falta cometida.
- 3.- Separación temporal do grupo de referencia.
- 4.- Perda temporal do dereito a participar en actividades de ocio.

Estas medidas poderán ser impostas polos/as colaboradores/as.

B.- FALTAS GRAVES

Consideraranse faltas graves:

- 1.- Acumulación de tres faltas leves.
- 2.- Desobedecer gravemente ao persoal de cociña e/ou colaboradores/as.
- 3.- Cambiarse ou levantarse do seu sitio.
- 5.- Saír do comedor sen permiso.
- 6.- Danar adrede ou por mal uso o material propio do comedor.
- 7.- Tirar intencionadamente comida ao chan ou aos/ás compañeiros/as.

- 8.- Saír do colexio sen permiso durante o horario de comedor.
- 9.- Negarse a comer a comida "por non gustarlle"
- 10.- Calquera outra conduta que afecte gravemente ao respecto, á integridade ou á saúde.

Medidas correctoras:

Calquera das contempladas para as faltas leves e tamén:

- 1.- Amoestación por escrito ao/á alumno/a. Comunicación aos proxenitores.
- 2.- Comer illado dos compañeiros durante un tempo.
- 3.- Expulsión do comedor durante un tempo.
- 4.- Expulsión definitiva do comedor.

Estas sancións poderán ser impostas pola Dirección do Colexio ou polo/a encargado/a de Comedor, agás a expulsión definitiva do comedor que será acordada polo Consello Escolar.

NOTA:

Este é un resumo das normas de funcionamento do centro. As familias interesadas poden informarse e consultar as mesmas de forma completa na páxina web, ou solicitar unha copia nas oficinas do centro.

(Cortar e devolver asinado)

D./Dna.....pai/nai,
titor/a legal do alumno/a.....do
curso.....recibín a circular sobre as NORMAS DE FUNCIONAMENTO DO CENTRO
E REGULAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR para o curso 2021-2022.

Asinado: D./ Dna.

Sinatura:

Vigo,de de 2021